



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 14 DE FEBREIRO DE 2025

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

XOSE ANTON ARRIBE RODRIGUEZ

ISMAEL DURAN BEREIJO

MARIA JOSE PERNAS DIAZ

LUCIA PICOS ANEIROS

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 14:05 horas do día 14 de febreiro de 2025, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 31.01.2025

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 31.01.2025 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE XANEIRO 2025

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 12.02.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE XANEIRO 2025.

O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.



A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora. A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,

É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local**:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de xaneiro 2025 que empeza por _____ cun importe de 85,43 € e finaliza con _____ cun importe de 45,79 € e se compón de 45 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 4.645,48 €.

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrencia**, correspondente ó mes de xaneiro 2025 que empeza por _____ cun importe de 28,80 € e finaliza con _____ cun importe de 32,40 € e se compón de 10 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 430,20 €.

2º) Que se continúe coa recadación das cantidades.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. BAIXA NO PADRÓN DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS E ANULACIÓN DE RECIBOS POR DUPLICIDADE. EXP. 2025/X999/000025

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 11.02.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: BAIXA NO PADRÓN DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS E ANULACIÓN DE RECIBOS POR DUPLICIDADE. EXP. 2025/X999/000025

ANTECEDENTES

Datos identificativos:

Nº FIXO RECIBOS: 543000756523 / 78

Enderezo:



Primeiro. Compróbase polos Servizos de Recadación do Concello que os recibos nº 543000756523 e nº 78, fan referencia ó mesmo obxecto tributario e á mesma cuota correspondente á taxa pola instalación de mesas e cadeiras.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 103 da Lei 58/2003 de 17 de decembro xeral tributaria, establece a obriga de resolver expresamente, por parte da administración tributaria, todas as cuestións que se planteen nos procedementos de aplicación dos tributos, así como a notificar a dita resolución expresa

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 12, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT) e a vixente Ordenanza fiscal 3.3 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local como consecuencia da ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, taboado, mostradores e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa durante os meses de xuño a setembro, ambos inclusivos.

II.B. Polo que se refire á data de devindicación, segundo dispón o artigo 7: “A taxa devindicase entre os días 1 de xuño e 30 de setembro de cada exercicio.”

II.C. O artigo 5.1 dispón que: “A contía da taxa regulada na presente Ordenanza calcularase de acordo cos conceptos e importes establecidos por mesa e período.”

III. Visto que os recibos sinalados fan referencia ó mesmo obxecto tributario e á mesma cuota correspondente á taxa pola instalación de mesas e cadeiras.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. APROBAR a baixa no Padrón da taxa pola instalación de mesas e cadeiras do seguinte suxeito pasivo:

SUXEITO PASIVO	
NIF	
Nº MATRICULA	
ENDEREZO TRIBUTARIO	



ENDEREZO FISCAL

SEGUNDO. ANULAR os recibos cos seguintes datos:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
78	20243515022ME01R000042				2024	126,00
78	20233515022ME01R000048				2023	120,00 €

TERCEIRO. COMUNICAR o presente acordo á Deputación da Coruña para os efectos oportunos.

CUARTO. NOTIFICAR o presente acordo á interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

4. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO E LIQUIDACIÓN. EXPEDIENTE: 2025/X999/000026

Visto o informe - proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 11.02.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO E LIQUIDACIÓN

Expediente: 2025/X999/000026

Solicitud: 20250000000446 (10/02/2025)

ANTECEDENTES

Primeiro. Expediente 99730000021594 da Deputación da Coruña sobre o recibo seguinte:

NÚMERO FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA
253000645641	20243515022RL01R004978				2024	49,35 €

Segundo. A Deputación da Coruña propón a baixa do recibo por falta de datos esenciais.

Terceiro. Compróbase polos Servizos de Recadación do Concello que o titular do recibo non se corresponde co titular catastral na data de reivindicación da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 325/2023, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de



padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 246 de data 28 de decembro de 2011. Na súa nova redacción aplicable dende o 05.06.2021

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

II.B. Polo que se refire á data da devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaranse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

II.C. De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmueble a 1 de xaneiro de 2024 segundo o Catastro son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

Os datos de titularidade do recibo con nºfixo 253000645641 para o exercicio 2024 non coinciden cos anteriores.

I. Anulación

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibo correspondentes ao exercicio 2024 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

NÚMERO FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA
253000645641	20243515022RL01R004978				2024	49,35 €

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular o seguinte recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

NÚMERO FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA
253000645641	20243515022RL01R004978				2024	49,35 €



SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2024 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

**5. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO E LIQUIDACIÓN.
EXPEDIENTE: 2025/X999/000026**

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 11.02.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO E LIQUIDACIÓN

Expediente: 2025/X999/000026

Solicitud: 20250000000446 (10/02/2025)

ANTECEDENTES

Primeiro. Expediente 99730000021594 da Deputación da Coruña sobre o recibo seguinte:

NÚMERO FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA
253000645859	20243515022RL01R003853				2024	65,00 €

Segundo. A Deputación da Coruña propón a baixa do recibo por falta de datos esenciais.

Terceiro. Compróbase polos Servizos de Recadación do Concello que o titular do recibo non se corresponde co titular catastral na data de reivindicación da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 325/2023, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa



versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 246 de data 28 de decembro de 2011. Na súa nova redacción aplicable dende o 05.06.2021

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

II.B. Polo que se refire á data da devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaranse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

II.C. De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible a 1 de xaneiro de 2023 e 2024 segundo o Catastro son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

Os datos de titularidade do recibo con nºfixo 253000645859 para o exercicio 2023 e 2024 non coinciden cos anteriores.

I. Anulación

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibo correspondentes aos exercicios 2023 e 2024 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

NÚMERO FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA
253000645859	20243515022RL01R003853				2024	65,00
253000645859	20233515022RL01R000843				2023	65

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

NÚMERO FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA
253000645859	20243515022RL01R003853				2024	65,00
253000645859	20233515022RL01R000843				2023	65,00



--	--	--	--	--	--

SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente aos exercicios 2023 e 2024 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de reivindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

6. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2025/X999/000029

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 12.02.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2025/X999/000029.

ANTECEDENTES

Datos ben inmovible:

Enderezo:

Ref catastral:

Nº fixo recibo:253000648497

Exercicio: 2024

Primeiro. Preséntase solicitude para anulación do recibo da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do exercicio 2024.

Segundo. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmóveis e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.



A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmueble a 1 de xaneiro de 2024, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
15022A503012690001IS				PROP. (100,00%)



VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibo correspondente ao exercicio 2024 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000648497	20243515022RL01R001737					2024	49,35 €

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2024 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón do titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular o seguinte recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000648497	20243515022RL01R001737					2024	49,35 €

SEGUNDO. Aprobar as liquidacións da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2024 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

7. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ESCOLA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA ANO 2024

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 11.02.2025, que literalmente di:



“Expediente: 2025/G006/000040

Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ESCOLA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA ANO 2024.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Visto o convenio de colaboración entre o Concello de Cedeira e a Asociación Escola de Música Vila de Cedeira con CIF G70429543 que foi asinado o 11 de outubro de 2023.

Visto que con data 21 de xaneiro de 2025 a antedita asociación presenta a documentación xustificativa do importe total da subvención.

Visto o informe favorable de Intervención de data 10 de febreiro de 2025 relativo á xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Asociación Escola de Música Vila de Cedeira con CIF G70429543.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada do 30% do importe da subvención, 11.500,00€, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Recoñecer a obriga e aprobar o pago do importe do anticipo do 75% da anualidade do ano 2025, esto é, 34.500,00€, con cargo a aplicación 334.489.00 do orzamento do ano 2025, que é o prorrogado do ano 2024, a favor da beneficiaria, Asociación Escola de Música Vila de Cedeira, con NIF G70429543.

QUINTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

SEXTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

8. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASOCIACION ECUESTRE A CRINA PARA O EJERCICIO 2024 CON NIF G15936719

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 11.02.2025, que literalmente di:

“EXPEDIENTE: 2025/G006/000046

Asunto: aprobación da xustificación de subvención nominativa para a ASOCIACION ECUESTRE A CRINA para o exercicio 2024 con NIF G15936719.



PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

O 7 de agosto de 2024 asinouose o convenio de colaboración entre o Concello de Cedeira e a Asociación Ecuestre A Crina. O obxecto do convenio de colaboración é para financiamento por parte do Concello de Cedeira de gastos de funcionamento da Asociación.

Consta no expediente a documentación xustificativa segundo co esixido na base sétima do convenio asinado.

Visto o informe favorable con observacións de Intervención de data 10 de febreiro de 2025 relativo a xustificación da subvención no que se sinala: “Visto que non xustifican o importe total da subvención, 3.500,00€ e, que teñen depositada unha garantía por importe de 1.050,00€, o importe que se liberará da garantía será 1.013,07€”.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Asociación Ecuestre A Crina para o exercicio 2024 con NIF G15936719 nos termos sinalados no informe de Intervención enriba mencionado.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 1.013,07 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

9. DEVOLUCIÓN DO AVAL CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE OBRA DENOMINADO "NOVA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA AMOR HERMOSO"

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 04.02.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: DEVOLUCIÓN DO AVAL CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE OBRA DENOMINADO "NOVA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA AMOR HERMOSO"

Expte. 2020/C003/000003

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 01.06.2021 foi adjudicado o contrato de obras denominado "Nova rede de saneamento na rúa Amor Hermoso" á empresa EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS S.L. polo importe de 26.138,76 € (IVE incluído).

Con data 14.05.2021 a empresa EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a xustificación de ter constituída a garantía definitiva polo



importe de 1.080,11 €, e na mesma data presentou no Rexistro Xeral do Concello de Cedeira (R.E. 1432) o documento orixinal da constitución do aval definitivo para o contrato “Nova rede de saneamento na Rúa Amor Hermoso” mediante Aval núm. 666868 de data 12.05.2021 da entidade ABANCA.

Con data 08.04.2022 formalizouse a Acta de recepción.

Con data 21.02.2024 (rex. entrada núm. 2024/999/375) a empresa EXCAVACIONES Y OBRAS MARCOS, S.L. solicita a devolución da garantía definitiva depositada mediante Aval bancario núm. 666868 de data 12.05.2021 da entidade ABANCA, polo importe de 1.080,11 euros.

Consta no expediente o informe emitido pola Dirección de obra con data 03.02.2025, favorable á devolución da citada garantía.

Unha vez vistos os antecedentes que se citan, **proponho** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar a devolución da garantía definitiva depositada mediante o Aval bancario núm. 666868 de data 12.05.2021 da entidade ABANCA, polo importe de 1.080,11 euros.

2º.- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria e remitir o documento orixinal de aval.

3º.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

10. APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2025

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 12.02.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2025

Para fomentar a participación e manter a tradición do Entroido, o Concello de Cedeira organiza o “Desfile de Entroido 2025” o sábado 1 de marzo de 2025 e convoca á veciñanza a participar nel e no tradicional concurso de disfraces.

Visto o RC nº 220250001089 de data 11.02.2025.

Conforme as atribucións que me confire a normativa vixente, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Convocar o concurso de disfraces Entroido 2025.

2.- Aprobar as bases do mesmo, recollidas como anexo da presente proposta.



ANEXO

ENTROIDO 2025 - BASES DO CONCURSO DE DISFRACES

O Concello de Cedeira organiza o desfile de Entroido 2025 o sábado 1 de Marzo ás 18:00h. Para fomentar a participación convócase un ano mais o tradicional concurso de disfraces de acordo coas seguintes bases:

PRIMEIRA. Para participar e optar aos premios é imprescindible cubrir a solicitude de inscrición (Anexo A) e presentala no Rexistro do Concello (horario de 9:00 h. a 14:00 h.), ata o día 27 de febreiro de 2025 (hora límite – 14:00 h.). A persoa que actúe como representante será a que asine a solicitude de participación e deberá acompañar a fotocopia do seu DNI/NIE/Pasaporte. O/a representante asumirá todas as responsabilidades do beneficiario/a do premio, incluídas as obrigas fiscais. De depender a comparsa ou grupo dunha persoa xurídica a inscrición realizarase a través da sede electrónica do concello cubrindo unha instancia xeral e especificando nela a categoría na que se concursa, así como achegarase un documento polo que se autoriza á representación á persoa que presenta a instancia.

SEGUNDA. Modalidades:

- **Carroza:** Valoraranse os diversos móbiles (carros, plataformas...) que participen no desfile. A participación nesta modalidade será sumatoria á calquera que permita o uso dun móbil.
- **Comparsa:** Considéranse comparsas un conxunto de persoas formado por un mínimo de 10 compoñentes representando un mesmo motivo.
- **Grupos:** Considéranse grupos un conxunto de persoas de entre 3 e 9 (ambos incluídos) compoñentes representando un mesmo motivo.
- **Asociación ou Centro Educativo:** Esta modalidade está destinada á participación de grupos vinculados aos distintos centros educativos ou asociacións municipais. Para participar nesta modalidade será obrigatorio un mínimo de 10 integrantes, sendo a maioría socios do colectivo ao que representan. A inscrición nesta categoría é excluínte do resto de categorías.
- **Mellor Parella**
- **Mellor Individual**

No caso de inscribir a **menores** nas modalidades de PARELLAS e INDIVIDUAIS deberá existir un responsable legal para a súa participación.

As modalidades de **comparsa, grupo e “asociación ou centro educativo”** poderán optativamente presentarse apoiados dun móbil (carro, plataforma...) que teña relación coa temática. Este móbil será valorado na modalidade de **carroza**.

A mesma persoa non poderá participar en máis dunha categoría.

TERCEIRA. Establécense un total de **5200 euros** entre os seguintes premios:

PREMIOS	COMPARSA (10 ou máis compoñentes)	GRUPO (De 3 a 9 compoñentes)
1º	1200 euros	600 euros
2º	1000 euros	400 euros
3º	800 euros	300 euros

MELLOR PARELLA	MELLOR INDIVIDUAL
200 euros	100 euros

- **PREMIO A CARROZA** (300 euros)
- **PREMIO A ASOCIACIÓN OU CENTRO EDUCATIVO** (300 euros)



CUARTA. A clasificación das distintas modalidades será determinada polo xurado do concurso. O xurado será designado polo Concello de Cedeira e quedará constituído por representantes municipais, de entidades culturais e sociais ou outras persoas de recoñecida capacidade .

QUINTA. Durante o desenvolvemento do desfile, o xurado estará valorando os seguintes aspectos nunha **escala do 1 ao 5**:

COMPARSAS – GRUPOS - ASOCIACIÓN OU CENTRO PARELLAS - INDIVIDUAIS EDUCATIVO	
Vestuario	Vestuario
Maquillaxe	Maquillaxe
Traballo feito a man	Traballo feito a man
Emprego de materiais de refugallo	Emprego de materiais de refugallo
Orixinalidade	Orixinalidade
Carroza ou similar	
Coreografía, letra creada e/ou música empregada	
Simpatía (involucrar ao público)	Simpatía (involucrar ao público)
Número de participantes	

CARROZA
Traballo feito a man
Emprego de materiais de refugallo
Orixinalidade
Uso por parte dos participantes
Estrutura

É recomendable, ás seguintes modalidades (**Comparsas-Grupos-Asociación-Centro Educativo**) realizar varias actuacións (baile, cancións creadas...) ao longo do desfile para unha mellor valoración. Ao remate do desfile, poderase realizar a actuación de cada grupo ou comparsa de forma voluntaria.

SEXTA. Os grupos e persoas participantes deberán presentarse na Estación de Autobuses ás 17:30 h, media hora antes do desfile e levar a cabo o percorrido marcado pola organización con remate na Praza Roxa. No suposto de non poder facerse o desfile por cuestións meteorolóxicas, buscarase unha data alternativa. De non ser posible realizar o desfile nas datas acordadas posteriormente, o desfile darase por **CANCELADO** ata a vindeira edición.

SÉTIMA. A orde de saída no desfile será designado pola organización, atendendo a cuestións como levar música soando na carroza ou ter previsto facer parada de baile.

OITAVA. A entrega dos diplomas acreditativos de premios terá lugar ao comezo da verbena da noite (23:30 h). Os participantes deberán estar presentes fisicamente na entrega dos premios para optar aos mesmos, exceptuando menores, que non se esixirá a súa presenza por cuestións de horario. No caso de grupos, comparsas e asociacións ou centros educativos será necesario a presenza de mínimo a metade dos participantes, sen ter en conta aos menores. A información sobre a concesión de premios será publicada na páxina web do concello.

NOVENA. Os/as premiados/as deberán solicitar o pago do mesmo mediante transferencia bancaria, a partir do 10 de marzo de 2025, no rexistro do Concello de Cedeira, polo seguinte procedemento:



- Solicitude de cobro do premio no rexistro do concello, cunha solicitude xeral e aportando un certificado dun número de conta onde figure como titular a persoa que inscribiu a comparsa, grupo, parella ou concursante individual.
- Os premios para Asociacións ou Centros Educativos do municipio, será ingresado nunha conta bancaria da que sexa titular a entidade.

DÉCIMA. Os presentes premios levarán consigo a **retención en concepto de IRPF**, que resulte da aplicación segundo as normas contidas na normativa reguladora do imposto.

UNDÉCIMA. A decisión do xurado será inapelable.O xurado do concurso terá a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases así como deixar **desertos** calquera dos premios.

DUODÉCIMA. A participación no Concurso de Disfraces supón a total e plena aceptación destas bases.

DÉCIMO TERCEIRA. Estas bases sairán publicadas ao día seguinte da súa aprobación. Estarán dispoñibles para o seu acceso dixital na web do concello e de forma física no taboleiro de anuncios das oficinas xerais e na Oficina de Turismo municipal. Así mesmo, darase publicidade da súa publicación a través do servizo municipal de información de whatsapp "Cedeira informa", do perfil de Facebook do concello e na cartelería das festas de Entroido.

ANEXO A

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO CONCURSO DISFRACES DE ENTROIDO DO CONCELLO DE CEDEIRA

DATOS DA PERSOA OU PERSOAS PARTICIPANTES

Nome da persoa/grupo				
Categoría				
Número de participantes				
Carroza	Si	<input type="checkbox"/>	Non	<input type="checkbox"/>

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

Nome e apelidos			
DNI			
Dirección para efectos de notificación			
CP		Localidade	
Teléfono			

OBSERVACIÓNS

1. A persoa asinante declara ser certos os datos aportados. No caso de detectarse falsidade, a persoa participante será dada de baixa da actividade.
2. A persoa que actúe como representante deberá acompañar a fotocopia do seu DNI/NIE/Pasaporte.
3. As persoas inscritas, ou no seu caso o/a titor/a, da a súa conformidade para o uso de fotos con fins promocionais das actividades municipais na páxina web, revistas, carteis e redes sociais do Concello de Cedeira.

Asinado

Data

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



11. DAR CONTA DA FIRMEZA DO DECRETO DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 04.02.2025, P.O. 178/2023 DE CONSTRUCCIONES CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2024/P002/000007)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 10.02.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: DAR CONTA DA FIRMEZA DO DECRETO DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 04.02.2025, P.O. 178/2023 DE CONSTRUCCIONES CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2024/P002/000007)

Visto que con data 31.01.2025 deuse conta á Xunta de Goberno Local da dilixencia de ordenación do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 15.01.2025 (rex de entrada nº 202500000000238, de data 22.01.2025) pola que se comunica o desistimento de no P.O. 178/2023.

Visto o decreto do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 04.02.2025 (rex de entrada nº 202500000000448, de data 10.02.2025) polo que se acorda, entre outras:

“ - Tener por *DESISTIDO* al recurrente *declarando la terminación de este procedimiento.*

- *Firme la presente resolución (...)*”

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento da firmeza do decreto.

Segundo.- Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

12. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 51/2025 DE DATA 30.01.2025 DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO CONCURSO DE CARTEIS 8M CEDEIRA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 51/2025 de data 30.01.2025, que di:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DO CONCURSO DE CARTEIS 8M CEDEIRA

Conforme ao previsto no artigo 25.2.o) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do réxime local, o municipio ten competencia en materia de actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero.



En base ao anterior, a Concellería de Igualdade do Concello de Cedeira considera de interese a convocatoria do Concurso de Carteis 8M Cedeira.

Resultando que dentro do orzamento para o exercicio 2025 figura unha partida para premios de cultura na partida 334.480.00, establécense nas Bases do presente Concurso premios por un importe total de 600 euros.

Consta documento de retención de crédito (RC) nº 220250000580.

Resultando que a competencia para a aprobación do convenio corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto na resolución de Alcaldía núm. 345/2023, de 10 de xullo.

Polo exposto, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia pola necesidade urxente de aprobación da convocatoria e das bases do Concurso de Carteis 8M Cedeira ao abeiro do previsto no artigo 10 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto para a convocatoria do Concurso de Carteis 8M Cedeira por un total de 600 euros na partida 334.480.00.

TERCEIRO.- Aprobar as bases da convocatoria que se incorporan como anexo á presente Resolución.

CUARTO.- Publicar as bases na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello.

QUINTO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que se celebre.

ANEXO

“Concurso de Carteis 8M Cedeira” - Concellería de Igualdade – Concello de Cedeira – 2025

1. OBXECTIVO

1. O **Concurso de Carteis 8M Cedeira** nace coa vocación de sumar efectivos na loita pola igualdade real entre mulleres e homes, así como a eliminación da desigualdade histórica que neste eido aínda persiste. Coa firme intención da sensibilización sobre este tema desde os primeiros anos de vida, dividimos o concurso en tres categorías clasificadas por idades.

2. PARTICIPACIÓN

2.1 Este concurso está dividido en tres categorías:

- *Crianzas*, nadas despois do 2013
- *Xuvenil*, persoas nadas entre 2013 e 2007, ambos anos incluídos
- *Persoas adultas*: nadas antes do 2007

2.2 Admitirase un máximo de dúas obras por participante.

2.3 A técnica proposta para as obras é libre e deberá incluír un lema relacionado coa data 8M. Non serán valoradas aquelas obras que foran copiadas de outras existentes ou descargadas de bancos de imaxes na internet, así como imaxes xeradas con IA.

2.4 As imaxes deberán presentarse en formato físico en sobre pechado ou en arquivo dixital (jpg) cunha resolución de 300 ppp, tamaño mínimo A4 (3508 x 2480 píxeles). Todas as obras serán en formato vertical.

3. TEMÁTICA

O Tema principal do cartel e do lema deberá estar relacionado coa promoción da igualdade entre mulleres e homes en calquera das súas expresións e manifestacións. Vaian coma exemplos as seguintes temáticas:

- A diferenza entre sexo e xénero.
- Cuestionamento dos roles de xénero tradicionais.
- A importancia de que mulleres e homes compartan por igual espazos de poder, de coidados, de lecer e responsabilidades.
- O valor da coresponsabilidade de tarefas na familia e no fogar.
- Prevención e sensibilización sobre actitudes, pensamentos e comportamentos que perpetúan a desigualdade entre mulleres e homes.



- Conciliación da vida familiar, profesional e persoal.
- A discriminación por sexo no ámbito laboral.
- O papel das novas masculinidades na igualdade real.
- A dobre xornada ou dobre presenza.
- A igualdade no acceso ás novas tecnoloxías da información.
- O mito da libre elección en calquera das súas expresións.
- Calquera outra temática que se considere pertinente e axeitada, a condición de que estea estreitamente relacionada coa igualdade e a loita contra o machismo.

4. INSCRIPCIÓN

4.1 O prazo de inscrición para participar no concurso comezará a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e ata o día 25 de febreiro de 2025.

4.2 Os carteis poderán presentarse de calquera dos seguintes xeitos:

- fisicamente en sobre pechado na oficina do rexistro do concello, ou envíalo a través de correo ao seguinte enderezo:
Concello de Cedeira
Rúa Real, 15
15350 Cedeira, A Coruña
- formato dixital a través da sede electrónica do concello achegándoos nunha instancia xeral, ou na oficina de rexistro do concello de Cedeira entregando a obra nun pen drive. Horario de atención ao público da oficina de rexistro, de luns a venres de 9.00h a 14.00h.

En calquera dos casos deberá indicarse a participación no “Concurso de Carteis 8M” e a categoría na que se presenta. No suposto de presentar a obra fisicamente deberá incluírse un documento indicando, nome da persoa que, enderezo, DNI, correo electrónico e teléfono de contacto. Nas categorías “Crianzas” e “Xuvenil” deberán incluírse os datos da nai/pai/titor/a da persoa menor participante.

5. PREMIOS

Establécense os seguintes premios por categoría:

Crianzas – 200€

Xuvenil – 200€

Persoas adultas - 200€

6. SELECCIÓN

6.1 Unha comisión seleccionadora composta por tres persoas propostas desde a concellería de igualdade serán as encargadas da elección das tres obras premiadas.

A valoración da comisión seguirá os seguintes criterios:

1. Mensaxe transmitido acorde coa visibilidade de diferentes expresións de desigualdade entre homes e mulleres.
2. Orixinalidade cós temas elixidos, así como a perspectiva dende a que se traten
3. Creatividade
4. Calidade do deseño / lema

6.2 Unha vez seleccionadas as obras en cada categoría será comunicado o fallo da comisión ás persoas gañadoras, así como o procedemento para acceder ao premio, que serán entregados o día 8 de marzo nos actos organizados desde esta concellería para esa data.

6.3 Os traballos premiados quedarán en posesión deste concello para a súa utilización desde a concellería de igualdade, sendo esta a única autorizada para a súa publicación.

6.4 Os traballos presentados e non premiados poderán ser retirados polas persoas propietarias no prazo de dúas semanas desde que se teña fallado.

6.5. A comisión resérvase o dereito de declarar deserto o concurso.

7. CONFORMIDADE

7.1 A presentación da documentación esixida implica a aceptación das presentes bases na súa totalidade.

7.2 Calquera circunstancia non prevista nestas bases, así como a interpretación das mesmas, será responsabilidade do Concello de Cedeira, sendo as súas decisións inapelables.

Lucía Picos Aneiros

Concelleira-Delegada de Igualdade”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

13. DAR CONTA DA R RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 66/2025 DE DATA 07.02.2025 DE SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA ORDE DO 17 DE DECEMBRO DE 2024 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA LA IMPLANTACIÓN DE RECOGIDAS SEPARADAS DE BIORRESIDUOS, ACEITES DE COCINA USADOS Y



TEXTILES EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA PARA O ANO 2025 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO MT975T)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 66/2025 de data 07.02.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA ORDE DO 17 DE DECEMBRO DE 2024 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA LA IMPLANTACIÓN DE RECOGIDAS SEPARADAS DE BIORRESIDUOS, ACEITES DE COCINA USADOS Y TEXTILES EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA PARA O ANO 2025 (CÓDIGO DE PROCEDIMENTO MT975T)

Vista a posibilidade que se establece no artigo 3 da citada orde que establece varias liñas de axuda e a posibilidade de solicitar subvención para unha ou varias liñas.

Tendo en conta que, segundo o artigo 6.2 a axuda económica que se conceda financiará ata un máximo do 90 % do custo total do proxecto non sendo subvencionable o custo correspondente ao IVE (artigo 5.2 b))

Visto que, as entidades locais que cumpran os requisitos para ser beneficiarias deberán presentar unha solicitude por cada liña, tendo en conta as contías máximas de axuda establecidas.

Visto o informe da Intervención municipal de data 07/02/2025 de existencia de crédito axeitado e suficiente para o pago da proposta de cofinanciamento por parte do concello.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Aprobar a solicitude de participación na convocatoria de axudas da referida Orde de 17 de decembro de 2025 ao abeiro da Liña 1: Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia), segundo o seguinte orzamento sen IVE:

LIÑA 1					
CONCEPTOS SUBVENCIONABLES	Nº UNIDADES	CUSTO UNITARIO € SEN IVE	TOTAL POR CONCEPTO € SEN IVE	% COFINANCIAMENTO	SUBV SOLICITADA POR CONCEPTO SEN IVE
Campaña de información, difusión y sensibilización á poboación e seguimento do proxecto	1	900€	900€	10%	810€

Terceiro.- Aprobar a solicitude de participación na convocatoria de axudas da referida Orde de 17 de decembro de 2025 ao abeiro da Liña 3: Implantación ou mellora da recollida separada de aceite de



cociña usado xerado no ámbito doméstico, do comercio e servizos para destinalo a valorización, segundo o seguinte orzamento sen IVE:

LIÑA 3					
CONCEPTOS SUBVENCIONABLES	Nº UNIDADES	CUSTO UNITARIO € SEN IVE	TOTAL POR CONCEPTO € SEN IVE	% COFINANCIAMENTO	SUBV SOLICITADA PARA 2025 POR CONCEPTO SEN IVE
Embudos	1000	0,7123€	712,30€	10%	641,07€
Actuacións de difusión, comunicación, sensibilización e seguimento	1	485€	485€	10%	436,50€

Terceiro.- Aceptar as condicións e os requisitos establecidos na orde de convocatoria e demais normativa aplicable.

Cuarto.- O compromiso de aportar a cofinanciación que se sinala.

Quinto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

14. ASUNTOS VARIOS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:10 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ